

RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O XOVES DÍA 30 DE ABRIL DE 2015, ENTRE AS 10 E AS 12.45 HORAS.

Asisten XT, Secretario e representantes de CIG, CCOO, STEG, FETE-UXT e ANPE. Desculpan inasistencia CSIF e Inspector Xefe. A **Orde do Día** foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación das actas anteriores de 17 de decembro, 4 e 25 de febreiro e 25 de marzo.

Déixanse pendentes para a vindeira xuntanza.

2. Temas pendentes xuntanzas anteriores.

2.1. Estado obras.

2.1.1. Talleres carpintería CIFP A Xunqueira.

2.1.2. CIFP Carlos Oroza

Estanse redactando os proxectos técnicos das obras nestes dous centros, que en maio estarán acabados. Daquela solicitaranse as oportunas licenzas no concello, para que as obras poidan realizarse durante o verán.

2.1.3. Deficiencias CEIP Rubiáns-Vilgarcía. Xestións realizadas.

Para o mes de maio estará acabado o estudo técnico sobre como resolver esas deficiencias e o XT manifesta que, unha vez o teña no seu poder, convocará as partes (comunidade educativa do Colexio e concello de Vilgarcía) para establecer un cronograma de actuacións.

2.1.4. CMUS Vigo.

A Unidade Técnica está facendo informe e o XT pediu a Santiago que se afronten esas carencias, pois desde a provincia non hai capacidade económica neste intre para afrontalas.

2.2. Solicitude datos actualizados nova FPB.

O XT pasa copia en papel desde datos. Solicítaselle envío de copia dixitalizada, ao que se compromete.

2.3. Convocatoria do Comité de Seguridade e Saúde Laboral: data prevista.

Ao non estar presente CSIF, que foi quen introduciu este punto na orde do día, déixase para unha vindeira xuntanza. Non obstante coméntase que a previsión é que, despois de facer varias xestións que hai que facer para actualizar a súa composición, o Comité sexa convocado para finais do mes de maio.

2.4. Incumprimento do compromiso de flexibilidade nas programacións.

STEG e CIG denunciámos que continúan chegando queixas dalgúns centros da provincia (colexio Álvarez Limeses, IES Mestre Landín, IES García Barros...) a respecto da actitude dalgúns inspectores á hora de abordar o tema da confección das programacións-LOMCE. Esiximos que se cumpra o compromiso de flexibilidade saído das xuntanzas deste curso entre a Permanente da Xunta de Persoal e o Xefe Territorial e que cese esa presión que se está exercendo, nalgúns casos con evidente extralimitación. O XT dá lectura a un escrito da dirección do colexio Álvarez Limeses que replica as informacións ofrecidas polo STEG na súa páxina web sobre unha xuntanza do inspector con profesorado dese centro. STEG reafirmase nas súas denuncias sobre a actitude incorrecta dese inspector nesa xuntanza, formulando esixencias que

están fóra de lugar e deitando comentarios que constitúen soterradas ameazas dirixidas a aqueles profesores e profesoras que no transcurso desa reunión manifestaron desacordo ou incomodidade coas súas palabras.

2.5. Solicitude de información sobre a proba de avaliación de final de 3º de EP.

O XT informa de que sae no DOG de hoxe, precisamente, a circular con instrucións sobre este tema.

2.6. Expediente IES Johan Carballeira.

Hai denuncia no xulgado por parte dalgúns alumnas contra a profesora expedientada e o tema está *sub iudice*. A profesora foi apartada da docencia, como medida cautelar.

2.7. Optativa Tecnoloxía industrial.

Adiase por ser tema proposto por CSIF, ausente.

3. Adxudicación de Destinos Provisionais: previsións da Consellería.

3.1. Calendario.

O XT calcula que para mediados de xuño sairá a orde e que será esencialmente como en anos anteriores.

3.2. Poderá participar o profesorado definitivo?

Non se contempla a opción do que algúns veñen chamando “concursillo”.

4. Reclamacións do alumnado, aclaración sobre o protocolo: cualificacións...

Adiase por ser tema proposto por CSIF, ausente.

5. Relación de xubilacións desde o 1 de setembro de 2014 até hoxe.

Informa o XT que foron 155 en Primaria e 124 en Secundaria. CC.OO pede que se facilite detalle desas xubilacións que se produciron (centro, praza e especialidade), aos efectos de negociación de vacantes.

6. Solicitude de información sobre candidaturas ás direccións dos centros:

6.1. Número de candidaturas totais por centro.

En Primaria producíronse 80 vacantes nas direccións e houbo 43 proxectos presentados (55%). En Secundaria, 30 vacantes e 15 proxectos presentados (50%).

6.2. Número de candidaturas que non proceden do propio centro.

O XT non ten agora mesmo datos para poder contestar esta pregunta.

7. CIFP A Xunqueira.

7.1. Implantación FP dual CM Dependencia. Que empresa se faría cargo da parte práctica?

O XT sinala que as decisións sobre se vai haber ou non ese ciclo e sobre cal vai ser a empresa que se faría cargo da parte práctica non dependen da XT, senón da Dirección Xeral de FP, en Santiago. CCOO expresa o seu temor de que neste caso se poida conceder a parte práctica a unha determinada empresa que non se caracteriza precisamente polo respecto á lexislación laboral e o XT replica que hai mecanismos de control suficientes para que se detecten irregularidades ou situacións dese tipo.

7.2. Campamento militar o 7 de maio.

CIG reitera a súa oposición a que se usen espazos educativos para actividades ou exaltacións de tipo militar. STEG súmase a esa posición. CIG reclama, ademais, que o XT aclare se a representante da Administración no consello social dese centro, que votou a favor da concesión de permiso para utilización das instalacións co citado fin, seguía directrices da Xefatura Territorial. O XT contesta que non. CCOO protesta pola actitude pouco respectuosa e nada institucional que vén mantendo o director do centro nas reunións do consello social.

8. Solicitude información sobre escolas unitarias e CRAs no Salnés para o vindeiro curso.

O XT sinala que en principio non hai prevista ningunha supresión, pero que haberá que agardar a que acabe o prazo de matrícula en xuño para ver como está a cousa. STEG pregunta concretamente pola previsión sobre a escola de Bamio, e o XT remítese ao anteriormente dito.

9. Regulamento promoción alumnado de FPB no caso de non superar os módulos comúns.

CCOO pregunta por este tema e o XT remite para a orde de 12 de xullo de 2011. CCOO comenta que está habendo moitas queixas nos centros con FPB por problemas de conducta dunha parte do alumnado e que se bota en falta máis e mellor coordinación entre os centros de comúns e prácticas. Reclama unha inmediata redución de “ratios” para este tipo de ensino.

10. CEIP A Carballeira: previsión de futuro.

11. CEIP Príncipe Felipe. Criterios de asignación de alumnado excedente doutras zonas.

12. Alumnado de Pontevedra que non puido escolarizarse na primeira opción.

A respecto do primeiro dos centros citados, o XT sinala que non vai desaparecer e que quedará como o curso pasado, aínda que ten efectivamente pouca matrícula. É intención do XT potenciar o CEIP Príncipe Felipe, que recollerá o “excedente” de demanda doutros centros próximos, garantindo que todo o alumnado adscrito nese caso terá dereito a transporte escolar. O XT ofrece datos sobre demanda de prazas en Infantil en Pontevedra: de 1.000 prazas ofertadas, houbo 782 solicitudes e só 60 non obteñen praza na 1ª opción. Indica que en Vigo as estatísticas son moi semellantes.

13. Actuación da administración educativa nas situacións conflictivas acontecidas no CEE Panxón e no CEE Príncipe Felipe.

O tema relativo ao CEE Panxón queda pendente para unha próxima reunión.

No outro tema, o XT sinala que se lle vai conceder ao centro unha coidadora de apoio polo que queda de curso.

14. Rolda de intervencións.

ANPE achega o caso dunha profesora do IES A Xunqueira I que solicitou prórroga do servizo activo e lle veu denegada e a obrigan a xubilarse con data de 13 de xuño, cando ela quereda que a data de xubilación fose a de 31 de agosto. O XT resposta que el non ten competencia para conceder ou non ese tipo de prórrogas. O da data de xubilación é un asunto que pode reclamar.

FETE pregunta se están xa pagos os contratos-programa e o XT responde que é norma que se paguen a finais de ano.

CIG alude á problemática dunha profesora de Bueu con alerxia á lixivia, que solicita que non se utilice ese produto na limpeza do seu centro. O XT dirixirase ao concello de Bueu para pedirlle que mude o produto de limpeza nese caso.

CIG comenta que o CEIP Xesús Golmar de Lalín reclama máis prazas de comedor e que ten problemas de exceso de calor. O XT sinala que nese centro xa hai agora máis de 500 comensais e que ten previsto reunirse coa ANPA e a dirección a finais do mes de maio para ver de colocar uns toldos protectores que palién ese problema de exceso de calor.

Non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión.

A vindeira xuntanza da Permanente da Xunta de Persoal co Xefe Territorial de Pontevedra márcase, en principio, para o mércores 27 de maio.